

ALTRI NON, FÓRA XA!

**A forza dun movemento
co que derrotar ao PP**



ALTRI NON FÓRA XA

A forza dun movemento co que derrotar ao PP

Esquerda Revolucionaria
Galiza

A loita contra a macro celulosa de Altri en Palas de Rei, continúa con máis forza que nunca. Despois dos recentes paus aos plans da multinacional, froito directo da mobilización social, este domingo 14 de decembro volveremos encher as rúas de Compostela para forzar á Xunta ao rexeitamento definitivo deste proxecto devastador.

Un movemento imparabile que ten contra as cordas á Xunta do PP

En maio de 2024 Palas de Rei acollía a primeira mobilización multitudinaria contra Altri. Foi o inicio das maiores mobilizacións na Galiza desde o movemento de Nunca Mais. O recordo do Obradoiro abarrotado fai agora mesmo un ano, é a imaxe viva dunha loita que, lonxe de decaer co tempo, vai nutrindo con cada paso adiante que arrincamos.

Que o movemento continúe con plenas forzas despois de case dous anos de mobilizacións masivas, é a proba palpable do fracaso total da campaña de mentiras e manipulación na que a multinacional e o PP investiron unha burrada de cartos. Non está de máis recapitular o alcance desta agresión: cunhas emisións previstas para esta macro celulosa de 3,5 millóns de metros cadrados, supera as emisións conxuntas das oito principais celulosas de todo o Estado.

A propaganda foi desamorriñándose fronte á mobilización. Das mentiras iniciais non queda unha en pé. Non son 2.500 postos de traballo directos, senón menos de 500. A fibra “verde” que pretenden producir son 400.000 toneladas anuais de pasta celulosa soluble. A “madeira galega certificada” que pretenden utilizar é o eucalipto, reforzando o seu monocultivo. E, por suposto, o que calan

tamén foi transcendendo, como que consumirían tanta auga do río Ulla como toda a provincia de Lugo, 46 millóns de litros ao día e devolvendo ao leite 30, xa contaminados polo proceso.

O proxecto dunha minoría que pretende arrebatarnos o futuro

Os beneficiarios deste proxecto, que por suposto existen, non se atopan entre a clase traballadora nin a mocidade galega, senón nos consellos de administración das empresas e nas consellerías. Polo menos unha terceira parte da produción da macro planta irá destinada á fabricación de lyocell, unha forma de viscosa utilizada na industria téxtil, que explica moi ben porque o director xeral de finanzas do grupo Inditex foi un dos “expertos” que “recomendaron” á Xunta apostar polo proxecto.

Outros agraciados son os membros do consello de administración de Greenalia, socio de Altri no proxecto, no que participan un antigo conselleiro delegado de Inditex e antigos conselleiros do PP como Antonio Couceiro e Beatriz Mato, ex-conselleira de Medio Ambiente. Tamén se lucra polo seu papel como “asesora” de Altri a consultaría Tache, fundada polo ex-ministro socialista Pepe Blanco e dirixida por Alfonso Alonso, do PP. As portas xiratorias de PP e PSOE funcionando man a man en defensa dos seus amos, as grandes empresas.

Mentres uns poucos enchen os petos, miles de postos de traballo dedicados á agricultura e a gandería poden ser destruídos. Por non falar das mariscadoras da ría de Arousa, onde desembocaría o Ulla xa contaminado. Ou dos traballadores de albergues e casa rurais cando eles e os peregrinos deban aguantar o fedor a xofre desta fábrica ao pé do Camiño de Santiago. En resumo, os recursos naturais e o futuro da mocidade e a clase traballadora ga-

lega postos ao dispor das ganancias multimillonarias destes capitalistas que pensan que poden facer o que queiran coas nosas vidas e co planeta. A resposta está a ser ben clara, non o imos a permitir!

A loita sempre paga

Neste último ano os resultados da mobilización son claros, como demostra o feito de que o goberno central rexeitase prestarlle axudas por descarbonización vinculadas aos fondos europeos, ou excluíse este proxecto da conexión á rede eléctrica. Non foi unha decisión tomada voluntariamente polo PSOE, que desde o principio mantívose totalmente de perfil neste asunto, se non motivada pola presión nas rúas e a ameaza implícita de alienar á súa base social.

Tamén o histerismo do PP é outra proba de forza. Cando a conselleira de Economía fala de “Comunismo do século XXI”, para referirse ás manifestacións e actos contra Altri, cando Rueda choromica porque as plataformas que constitúen o movemento de Altri Non “tienen mucho de política”, copiando o argumento da propia empresa, o único que fan é demostrar nos feitos o que todas sabemos, que eles están ao lado de Altri, que esta contestación social tamén pon contra as cordas ao PP e ao goberno da Xunta, e que todas as decisións que toman ao respecto, como asegurar que non destinarán fondos públicos para o proxecto, fanas cun ollo posto na rúa.

Outra mostra máis da forza deste movemento popular está no distanciamento das grandes empresas do téxtil, inspiradores intelectuais e potenciais clientes de Altri, como Bimba y Lola, que anunciou a saída do seu Consello de Administración do recentemente falecido José María Castellano, presidente de Greenalia e quen fora vicepresidente e Conselleiro delegado de Inditex, ou a propia Indi-

tex, que xa anunciou contratos con outras empresas de fibras téxtiles, sen esperar polo futuro de Altri e tratando de marcar distancias con esta, obviando interesadamente o seu labor de “asesoramento” á Xunta para levar a cabo o proxecto. Ata a mesma Greenalia tentou desvincularse da celulosa! ameazando, tras o rexeitamento do enganche eléctrico, con accións xudiciais contra quen vinculase a celulosa co seu grupo empresarial, aínda que Manuel García Pardo (o seu propietario) ten, a través Smarttia S.L (outra sociedade patrimonial), unha cuarta parte das accións de Greenfiber, a sociedade instrumental coa que Altri aterrou na Galiza, e máis do 90% das accións de Greenalia.

Continuar ata vencer unificando as loitas

Tras a vergoñenta declaración de impacto ambiental favorable, emitida pola Xunta o pasado mes de marzo, e coa Autorización Ambiental Integrada (o seguinte trámite necesario) aínda pendente e conscientemente dilatada por parte da Xunta, o rexeitamento social segue sendo o principal problema para os plans do PP e a multinacional. Altri trata de dar a impresión de que todo vai ben, pero nada máis lonxe da realidade. O único que mantén con vida este proxecto é que a Xunta aínda non lle deu carpetazo ás autorizacións que aínda están pendentes, en parte coa esperanza de que os promotores sexan capaces de conseguir 250 millóns de euros que necesitan por outras vías, e doutra banda pola esperanza dun eventual cambio no goberno central. A estratexia é cla-

ra, gañar tempo á espera que a contestación social remita.

Case dous anos de gran mobilización social lograron, como mínimo, frear un proxecto que parecía inevitable. Nun contexto de ataques en todas as fronteiras: na sanidade e o ensino públicas, contestadas con folgas rotundas, nos recursos destinados á protección das vítimas contra a violencia machista e un longo etcétera de agresións destes clasistas do PP. A loita contra Altri é un exemplo para seguir e intensificar. Neste sentido, a convocatoria dunha folga xeral na Galiza unificando todas as loitas ábrese paso como unha poderosa ferramenta para derrotar ao PP e a súa axenda reaccionaria, comezando por botar dunha vez por todas a Altri da Galiza. O impacto dunha derrota como esta para o PP sería brutal, dando unha forza tremenda ao movemento e abrindo o camiño para botalos da Xunta, como fixemos nos anos seguintes ao Prestige grazas ao movemento do Nunca Mais. Temos esa forza e este domingo o imos demostrar!



Antonio García Sinde
Esquerda Revolucionaria
Comisión Executiva

Tras a entrevista entre Trump e Putin en Alaska en agosto e varios meses de negociacións, a sinatura dun acordo de paz que poña fin á guerra en Ucraína pode estar preto.

O 20 de novembro os medios de comunicación fixéronse eco do plan de 28 puntos proposto por Trump que recolle, case na súa totalidade, as reclamacións do Kremlin.

Nos seguintes días desenvolvéronse en Xenebra conversas entre EEUU, a UE e Ucraína con resultados moi amargos para os belicosos europeos, que terán que transixir co que desde o inicio do conflito proclamaban que xamais aceptarían. E nas próximas datas celebrarase un novo cume entre EEUU e Rusia, as dúas potencias con capacidade de decidir cando e como finalizará esta guerra.

Unha indiscutible vitoria rusa

Non é descartable que algúns dos puntos do plan de Trump poidan ser lixeiramente modificados para dulcificar a humillante pílula con que os gobernantes da UE e o goberno ucraíno terán que tragar, pero todo indica que non hai marcha atrás no esencial: a aceptación da vitoria de Putin e o seu réxime.

Nin no campo de batalla nin na guerra económica contra Rusia, executada a través de sancións comerciais, financeiras e de incautación de grandes reservas económicas no exterior, foron capaces as potencias occidentais de dobregar a maquinaria militar do imperialismo ruso nin o apoio económico e financeiro que lle prestou China ao réxime de Putin.

A proposta de Trump reconece este feito e asume as principais reclamacións de Putin: redución das futuras forzas armadas de Ucraína a 600.000 efectivos, cláusula na Constitución impedindo o ingreso na OTAN e inclusión nos estatutos da OTAN dunha disposición que impida a futura adhesión de Ucraína, renuncia a estacionar tropas de países da OTAN en solo ucraíno, continuación do funcionamento da central nuclear de Zaporíyia con reparto a partes iguais entre Rusia e Ucraína da electricidade producida e, como culminación da derrota, recoñecemento como territorio ruso de Crimea, Luhansk e Donetsk, incluídos os territorios aínda controlados polo exército ucraíno, e a conxelación da fronte en Xerson e Zaporíyia, que se equipará a



O PLAN DE PAZ DE TRUMP DERROTA E

Un reparto do botín entr

un recoñecemento *de facto* da soberanía rusa neses territorios.

Trump aproveita a derrota para saír o mellor parado no reparto do botín

Dende o comezo do seu mandato, Trump deixou claro que esta guerra estaba perdida e que os cartos gastados por Biden en apoiar a Zelensky eran un malgasto. Pese ás críticas de Trump, o respaldo de Biden estivo moi lonxe de ser desinteresado. A Unión Europea pagouno con creces ao verse obrigada a substituír o gas ruso por gas norteamericano catro veces máis caro e pagar a custo de ouro ás empresas de defensa norteamericanas unha

gran parte dos recursos militares entregados a Ucraína.

A consecuencia destas cargas económicas, asumidas docilmente polos gobernantes da UE e por unha clase dominante europea que dende hai xa moitos anos subordinou a súa sorte á oligarquía financeira ianqui, foi unha grave recesión en Alemaña e o empobrecemento xeneralizado da clase traballadora do vello continente.

Pero estes sacrificios europeos aínda son pouco para Trump. A burguesía norteamericana é consciente de que non só perdeu unha batalla fundamental, senón de que a súa posición ante os futuros choques co capitalismo chinés debilitáronse.

Por iso o plan tenta mitigar a derrota restablecendo as relacións económicas



TRUMP RECOÑECE A SÚA EN UCRAÍNA

e bandidos imperialistas

con Rusia. En consecuencia, contempla a integración de Rusia na economía global e o G-8. As sancións serían levantadas e Rusia e EEUU asinarían un acordo de cooperación económica a longo prazo para un desenvolvemento mutuo en enerxía, recursos naturais, infraestrutura, IA, centros de datos ou proxectos de minería no Ártico, e para garantir a explotación estadounidense dos recursos mineiros de Ucraína na posguerra inmediata.

O futuro dos fondos conxelados a Rusia tamén está incluído, con vantaxes escandalosas para EEUU e un castigo adicional á UE, que tería que achegar 100.000 millóns de dólares a fondo perdido para a reconstrución de Ucraína. A isto engadiríase unha cantidade

case semellante (86.000 millóns) detraída dos activos rusos conxelados, que sería administrada por EEUU que recibiría, coa bendición de Moscova, o 50% dos beneficios.

Cara a un novo reparto do mundo?

Este xiro drástico de Trump vai mais alá de Ucraína. A completa subordinación da UE aos obxectivos estratéxicos de Washington quedou solidamente establecida. Pero esta “vitoria” de Trump ante unha Europa en decadencia dista moito de compensar a perda de influencia mundial de EEUU ante o ascenso de China, que se apoia no seu enorme potencial industrial e tecnolóxico e na súa capacidade para regar o

mundo, especialmente o Sur Global, con cuantiosos investimentos.

O mundo dominado polos EEUU como única potencia hexemónica, con que soñaban tras o colapso da URSS, estase agretando antes de consolidarse. A guerra comercial directa contra China estrelose de novo contra a decadencia industrial de EEUU.

O réxime de capitalismo de estado chinés —impulsado polos recursos enerxéticos e de materias primas de Rusia, por cuantiosos fluxos de capital de todo o mundo que buscan beneficios seguros e por amplos acordos comerciais coas principais economías capitalistas emerxentes— reclama o lugar que lle corresponde como director efectivo dunha parte substancial da globalización.

O imperialismo norteamericano xa demostrou que non vai renunciar facilmente á súa hexemonía histórica. A súa agresividade contra Venezuela, o seu apoio ao xenocidio sionista e o seu plan para converterse en potencia neocolonial dunha Gaza arrasada e dun novo Oriente Medio golpeado polas súas armas e as dos seus aliados israelís demostran que a batalla non vai concluír. O estado de guerra imperialista chegou para quedarse.

Pero iso non quere dicir que acordos temporais entre os dous bloques imperialistas polo reparto de áreas de influencia e o botín económico estean descartadas. O mito dun Putin e Xi Jinping antiimperialista hai moito tempo que veu abaixo.

E se quedaba algunha dúbida, a posición de China e Rusia na votación do plan de Trump para Gaza no Consello de Seguridade da ONU despexouno definitivamente. Coas súas abstencións, deron vía libre a Trump e Netanyahu para culminar o xenocidio do pobo palestino, á vez que ambas as potencias se aseguran, tamén aquí, a súa parte do sanguento botín. “Gaza para ti e Ucraína para min”, é o cru resumo do que está a acontecer ante os nosos ollos.

É certo que China e Rusia desafían o imperialismo ianqui, mais non para destruílo, senón para redistribuír as parcelas de poder e riqueza que, segundo o seu criterio, deberían corresponder ás súas cada día mais potentes burguesías.

A clase traballadora e os oprimidos do mundo non podemos esperar nada de ningún réxime capitalista, por moito que recubra os seus intereses cun verniz de retórica antiimperialista. Só a nosa organización en torno a un programa de clase, comunista e internacionalista abrirá o camiño a un futuro onde horrores coma os de Gaza, Ucraína, Sudán ou outros moitos lugares desaparezan para sempre.

Que non te enganen

A mocidade non é facha

VEN DA CONTRAPORTADA

Non pretendemos infravalorar o perigo da ultradereita. As imaxes deste verán en Torre-Pacheco organizando auténticas cacerías contra a poboación inmigrante nunha unidade de acción coa policía, das bandas de matóns tipo Desokupa actuando sen trabas en barrios obreiros, o incremento da represión policial contra quen loitamos mentres protexen os fascistas... son unha advertencia de que o avance da reacción é moi serio.

Polarización social

Obviamente hai persoas mozas de dereitas, e agora séntense fortes e protexidas. Pero enfróntanse a unha maioría moito máis ampla. O que hai é un proceso de polarización na sociedade, tanto a dereita coma a esquerda, que afecta tamén á xuventude e que funde as súas raíces na descomposición do sistema capitalista.

Ante este escenario, a democracia parlamentaria capitalista móstrase incapaz de satisfacer as necesidades básicas da inmensa maioría, máis aínda as da xuven-

tude. É esperable o desenvolvemento dun sentimento de desafección. Para milleiros, o balance do Goberno de coalición liderado polo PSOE, tanto na etapa de Podemos coma na de Sumar, resúmese nunha frase: “máis do mesmo”. Esta é a experiencia dunha grande parte de mozos e mozas cuxa experiencia política foi sempre baixo este Goberno.

As consecuencias das políticas capitalistas que defende a esquerda institucional foron sentando a base para dar credibilidade á demagogia da extrema dereita.

Estes señores resentidos que se viron ameazados ante o avance da loita feminista, estes fillos de pequenos explotadores que senten que a fortuna familiar está en risco, os nenos de papá, frustrados e enrabeados atoparon unha bandeira pola que loitar. A bandeira do *sálvese quen poida*, de esmagar o máis vulnerable, do embrutecemento e do atraso moral, a cruz e os touros. O “cuñadismo” de barra de bar exprésase tamén en *X* e *TikTok*, e é isto o que magnifican de forma consciente Prisa, Mediaset e a dereita en tromba.

“Os mozos son máis de dereitas ca nunca” titulaba *El País* o 2 de novembro unha sisuda reportaxe sobre un suposto retroceso masivo na conciencia. Por que non publican que porcentaxe da xuventude se declara antifascista e anticapitalista? Por que non preguntan se ven en Vox unha ameaza? Por que non se mencionan as mobilizacións contra a extrema dereita, en defensa dos servizos públicos, en solidariedade co pobo palestino, polos dereitos da muller traballadora... nin se dignan a entrevistar os seus protagonistas? Os resultados non valerían para sustentar a propaganda da prensa “seria”.

A xuventude é a chama da revolución!

A loita en solidariedade co pobo palestino é un movemento cun ADN antifascista incuestionable. A cabalaría pesada foi a xuventude estudantil, con dúas folgas xerais convocadas polo Sindicato de Estudantes. Tamén a mocidade plantou cara ás provocacións e agresións de grupos fascistas como en Vallecas co asalto ao



ximnasio. A Fábrica ou en Gasteiz co acto de Falange que rematou en cargas salvaxes e a Ertzaintza contra os antifascistas.

Centos de miles de estudantes volveron ás rúas nunha folga convocada polo SE o 28 de outubro contra os discursos de odio e a violencia nas aulas, identificando o *bullying* co racismo, a gordofobia, o machismo, a homofobia e a transfobia; en resumo, sinalando a extrema dereita.

Nin que dicir do carácter das mobilizacións contra o PP en Andalucía ou Valencia. Carlos Mazón non tivo outro remedio que dimitir pola enorme presión dunha loita dende abaixo que trala traxedia da DANA non cesou. Non está de máis lembrar que fronte ao abandono das institucións do Estado, a xuventude xogou un papel de primeira orde á hora de organizar un exército de voluntarios para poder saír adiante. E Moreno Bonilla enfrontase a un movemento feminista que loita por unha sanidade 100% pública e pola xustiza para as vítimas da xestión criminal do cribado no cancro de mama.

Sobredimensionar a forza social da extrema dereita é unha decisión consciente que procura desmoralizarnos ou eludir responsabilidades. A esquerda reformista sabe moito disto, centrou a súa estratexia na vía institucional, en gobernar sen confrontar cos poderosos, abandonando a organización e a loita. A experiencia dos últimos anos é cristalina: semear decepción e a idea do *non se pode*. Tachar a millóns de baixo nivel de conciencia e xustificarse nun xiro á dereita é unha escusa para seguir apostando por xestionar farangullas e garantir a paz social.

Evitar que a extrema dereita poida ocupar novos espazos é a tarefa. Trátase de golpear a súa moral e reforzar a nosa confianza. Contrapor a saída individual, ao odio aos máis débiles e ao *sálvese quen poida*, un plan de loita que poña enriba da mesa unha saída colectiva á crise capitalista, e iso só pode facerse organizándonos e levantando un programa revolucionario consecuente que permita poñer todos os recursos e a riqueza existente a disposición de satisfacer as necesidades da maioría social, e que desmascare nos feitos a demagogia reaccionaria. Mans á obra!



IZQUIERDAREVOLUCIONARIA.NET



ÚNETE

- Coruña 686 680 720
- Compostela 637 809 184
- Ferrol 626 746 950
- Ourense 604 024 366
- Vigo 678 420 888

**ESQUERDA
REVOLUCIONARIA**

Que non te enganen **A MOCIDADE** **NON É FACHA**

Juan Díaz
Esquerda Revolucionaria
Comisión Executiva

A campaña é descarada. As pancas dos medios da dereita e moi especialmente as desa prensa que pretende engaiolarnos proclamándose a si mesma progressista, véxase *El País*, pero que responde mellor que ninguén á voz do seu dono, o capital, mobilizáronse para convencernos de que “a mocidade volveuse facha, e non hai nada que facer”.

Enquisas cociñadas para soportar a consigna, reportaxes con expertos e moita, moita propaganda. E isto, cando millóns e, en concreto, centos de miles de mozos e mozas antifascistas tomamos as rúas denunciando o xenocidio sionista e contra a extrema dereita global, dando unha resposta exemplar. Pero... que a realidade non estrague un “bo” titular.

Nada é casualidade. Trátase de sementar escepticismo e trasladar a idea de que estamos illados. Unha operación de altura que está tamén detrás da mofenta campaña do fascista Vito Quiles para entrar nas universidades públicas e machucar con que a ultradereita é hexemónica.

O show fascista de Vito Quiles, un chasco

A imaxe deste monicreque, financiada por “empresarios que apoian esta causa” porque “simpatizan co que fago”, enriba dos seus gardacostas e falando por un megáfono de xoguete é moi representativa de como lles saíu o plan. “Vito, pringado, ninguna charla has dado”, nin con seguridade privada nin coa impunidade e

colaboración da UIP. En Barcelona, Alacant, València, Iruña, Sevilla, Málaga, Madrid... un muro da mocidade antifascista impediu que a reacción e os seus discursos de odio entren.

Trátase dunha xogada política para desmoralizarnos e amedrentarnos que pon o foco na xuventude e na universidade pública, precisamente cando sofre un infrafinanciamento que pretende cernar o dereito á protesta, ao máis puro estilo trumpista. A resposta: unha impresionante folga xeral de 48 horas en novembro na universidade pública madrileña que paralizou todo e sacou decenas de miles ás rúas, de novo coa xuventude combativa á cabeza. Así é como conquistamos dereitos e pechamos o paso á extrema dereita.

➔ PÁXINA 6

